

## NEGOCIACIÓN CONVOCATORIAS DE PAS FUNCIONARIO

### ACTA N° 2

#### ASISTENTES

##### UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente  
José M. Fernández Viña, Xefe do Servizo de PAS

**Redacción de acta:**  
María Isabel Fernández Uría

##### XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Xoan M. Cebro Rodríguez (Presidente - CIG)  
María José Ríos Santomé (Secretaria - CIG)  
Henrique Macías Cambra (CIG)  
Fernando Troncoso Merino (CIG)  
Mónica Méndez López (UGT)

Os membros da Universidade de Vigo relacionados, previa a correspondente convocatoria, mantiveron unha reunión ás 11:45 horas do día 04 de abril de 2018, no edificio da Xerencia coa seguinte

#### ORDE DO DÍA

##### 1. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior.

A Xunta de PAS solicita diferir a aprobación á seguinte reunión, porque remitirán alegacións.

##### 2. Negociación das convocatorias:

- promoción interna aos subgrupos C1 e A2
- acceso libre á Escala de Letrados

O Xerente lembra que solicitara á Xunta de PAS que nesta reunión achegaran propostas de membros para os tribunais e sobre as convocatorias de C1, A2 e Letrado.

O Presidente da Xunta de PAS responde que non ten propostas de membros para os tribunais, que o lóxico é chegar a un acordo de promocións internas, tal e como dixo completa, e despois buscar tribunal para as promocións, como sempre se fixo, que as fará na videira reunión porque non tiveron tempo de traballar en paralelo. Entrega propostas escritas para a promoción interna a A2 e a Letrado. Propoñen manter as convocatorias anteriores tanto en temario como puntuación no concurso, coas actualizacións pertinentes da normativa derogada. Cre conveniente que se chegue a un acordo para publicar o dereito positivo de cada programa para que os aspirantes o teñan acotado, agás en letrado na que polo seu carácter específico non tería sentido. Non solicita que se realice un curso na promoción a C1, como na primeira das edicións de promoción interna.

O Xerente indica que estaría disposto a reducir a 1 os exercicios para C1 se a Xunta de PAS acepta no restante a convocatoria; considera que a promoción ao grupo A2 afecta a postos de



# Universidade de Vigo

responsabilidade, polo que os aspirantes deben preparar o temario, sen que se teña que acotar. Solicita que a Xunta de PAS concrete as diferencias entre as dúas posturas.

O Presidente da Xunta de PAS di que en Letrados antes non había tantos exercicios, en A2 propoñen 2 exames e a Xerencia 3. Queren que no concurso se valore o mesmo que na anterior promoción; en Letrado non propoñen exame oral.

O Xerente manifesta que a praza de letrados é moi importante na estrutura da universidade, que a proposta é resultado dun traballo complexo e arduo de varios servizos, é unha proposta moi seria, en liña coa máxima profesionalización da Asesoría Xurídica, respondendo ás súas esixencias, considerando outras convocatorias do Estado e da Xunta, coas que comparativamente o grao de esixencia é menor.

O Presidente da Xunta de PAS considera que se ten que seguir o mesmo criterio nas 3 convocatorias, polo que propón manter as anteriores, e de non ser así, entón habería que entrar polo miúdo a negociar cada unha delas.

A proposta da Xunta de Persoal sigue a argumentación de xerencia de non aceptar a proposta realizada polo órgano de representación no grupo C2 ó C1, en canto a dixerencia entre as convocatorias anteriores e a que propón a xunta de persoal. Polo tanto, propoñemos para o grupo C1 ó A2 e Letrados a mesma convocatoria que as anteriores.

A Xunta de Persoal, quere deixar claro, que o plantexamento da xerencia de quitar o segundo exame da promoción interna do grupo C2, non é negociar, xa que logo o segundo exame das anteriores convocatorias non era eliminatorio, e polo tanto os compañeiros podían deixar o exame en branco e aprobar a promoción. Estamos falando de filosofía, despois de 8 anos, entendemos que non é unha promoción senón un recoñecemento, un mero trámite para os compañeiros.

Da impresión, nestes 8 anos, que o equipo reitoral non comparte ista filosofía, pero eso si, acepta un exame, con variación de requisitos e temario respecto ás convocatorias anteriores C2, para endurecer as promocións do grupo C1 ó A2 e Letrados. Todo isto a costa dos compañeiros do grupo C2 que non promocionan dende fai 8 anos por empecinamiento do equipo de goberno e que agora teñen presa de pechar a 1 semana das eleccións a reitor.

O Xerente di que analizará as propostas da Xunta PAS e que a Xunta de PAS faga o mesmo para tratar de acadar un acordo na seguinte reunión, porque é importante impulsar a promoción interna e publicala canto antes, insistindo tamén en que se propoñan membros dos tribunais.

María José Rios solicita que se acheguen as actas con tempo suficiente para poder revisalas antes da respectiva reunión.

Sen máis asuntos que tratar péchase a reunión ás 13:00 horas.